


Se queres facer papiroflexia, manualidades, debuxar cómic... tamén podes atopar o que buscas.


Duane Barnhart:
Cómo dibujar cómics.




Vicente Palacios:
Papiroflexia fácil



Disney Art Attack




Scott McCloud:
Entender o cómic



Inga Menkhoff:
Ilusiones ópticas.



Como tamén mellorou a nosa oferta en lingua inglesa, comproba esta selección. E na biblioteca aínda máis.



E recorda:

O blog da biblioteca:

<http://biblogcaniza.blogspot.com.es/>

O blog do club de lectura:

<http://muchachadalectora.blogspot.com.es/>



Regala libros;
todo o demais está neles.

CPI da Cañiza

Nadal 2014 - Secundaria


Guía de lectura, BIBLIOTECA ESCOLAR



A porta da nosa biblio está de gala para celebrar o Nadal e abrirse a un mundo infinito.


Entra e verás...

Bo Nadal




Jorge Llorca: O violín de Rembrandt. Un cadro e un violín porán a proba os principios dun profesor de historia da arte que traballa nos cursos de nocturno do Colexio Academia Atenea, onde don Atilano e Margaret Thatcher, marcan a liña pedagóxica..

Sonia Fernández Vidal: Quantic Love. No CERN, o centro de investigación máis avanzado do mundo, Laila enfróntase ao maior misterio que existe: decidir entre dous amores; Alessio, un atractivo xornalista; e Brian, un cerebral científico cun gran segredo.




Jaureguizar: O veleno da risa. Os planos do S. III que se usaron para construír a muralla de Lugo aparecen nunha escavación arqueolóxica. Será Tintimán, o reporteiro máis novo e espelido de Galicia, quen terá que recuperalos e desenmascarar o malvado.

Sierra i Fabra: El asesinato de la profesora de ciencias. A profesora Fernanda, para demostrarlle ao alumnado o importantes que son a física e a química, fareaos beber un estraño líquido para o que terán que encontrar o antídoto. Queda pouco tempo para facelo!




Ana M^a Matute: El polizón del Ulises. Tres irmás solteiras encontran un día, ás portas da súa casa, a un neno abandonado. Despois de buscar os pais sen éxito, deciden adoptalo e chamalo Marco Amado Manuel, aínda que todo o mundo o coñecerá por Jujú.



Eduardo Santiago: O gran reino. O narcisismo e a competitividade de Gala, una brillante rapaza de catorce anos, acaban por condenala ao abandono por parte das súas amigas, á enfermidade e á perda da razón. Será quen de recuperar a súa vida?


Anxo Fariña: Os Megatoxos e o dragón de xade. Nesta ocasión viaxan ao Xapón medieval na procura do Toxo para evitar un terremoto devastador. Alí comprenderán o importante que son a familia e os devanceiros, ao descubriren cousas do seu propio pasado.



Víctor González: El hombre sin ayer. Contos breves nos que se constrúe un mundo aparentemente disparatado e absurdo e con grandes doses de humor e ironía.



Jeff Kinney: Diario de Greg 7. O amor está no aire... pero que significa iso para Greg Heffley? A festa de San Valentín puxo o colexio de Greg patas arriba. Mesmo el se lanzou a buscar plan!



Alfonso Álvarez Caccamo: Os Gotten. Esta é a historia dos Gotten, familia culta e emprendedora, que colaborou co progreso e co emprego na bisbarra viguesa durante tres xeracións.

Elena Gallego Abad: Sete caveiras. Cando a xornalista Marta Vilas descobre un cadáver nas augas do Berbés, non pode imaxinar que o click que o asasino agochou no peto do morto está a piques de mudarlle a vida.

